




**PONTE  
UNHA  
MEDALLA**

Nos estudos realizados en España,

# UN DE CADA 10 HOMES

que manteñen sexo con outros homes está infectado polo VIH.



A maior parte dos novos diagnósticos de VIH en homes están relacionados con prácticas homosexuais.

Cando a proporción de homes infectados é máis alta, como agora, baixar a garda supón un

# maior risco de infección

1 de cada 5 homes con VIH nin sequera sabe que está infectado.

**Rosa 900 601 601**  
**Cruz Vermella 900 111 000**



[www.ponteunamedalla.es](http://www.ponteunamedalla.es)



[www.msps.es](http://www.msps.es)



## PONTE UNHA MEDALLA: protéxete

O mellor xeito de protexerte do VIH é **utilizar sempre o preservativo desde o principio ata o final da penetración anal, evitando tamén a exaculación na boca.**

O lubricante hidrosolúbel (con base de auga) é o complemento indispensábel do preservativo na penetración anal, porque protexe as mucosas e diminúe o risco de rotura.

## A INFECCIÓN POR VIH NON TEN CURACIÓN NIN VACINA.

Hoxe en día, a infección por VIH non ten curación nin vacina, polo que segue sendo unha ameaza para a nosa saúde e benestar.

Se a persoa con VIH está controlada polo seu médico, segue o tratamento rigorosamente e leva unha vida saudábel, pode mellorar significativamente a súa calidade e expectativa de vida.

Nembargante, as persoas con VIH poden desenvolver outros problemas de saúde debido á medicación ou á aparición doutras enfermidades ou infeccións. Estes problemas de saúde poden incluír complicacións metabólicas, enfermidades cardiovasculares, perda de masa ósea, algúns tipos de cancro, enfermidades renais, desordes hepáticos, dano cognitivo, disfuncións sexuais e outros.

## PONTE UNHA MEDALLA...

### PROFILAXE POST-EXPOSICIÓN

É un tratamento que pode aplicarse con carácter excepcional a persoas sen VIH tralas situacións de alto risco. Por exemplo, ser penetrado por vía anal con exaculación por un home con VIH e sen preservativo (ou con rotura do mesmo). Se che acontece, acode á área de urxencias dun hospital para que os profesionais valoren o teu caso particular.

Este tratamento de 28 días reduce a probabilidade de infección por VIH se se inicia antes de que transcorran 72 horas (preferentemente durante as 6 primeiras).

**...INFÓRMATE**  
[www.ponteunamedalla.es](http://www.ponteunamedalla.es)



## PONTE UNHA MEDALLA: faite a proba

### Se tiveches unha práctica de risco:

Acode ao teu médico, centro sanitario ou ONG especializada.

Alí valorarán o teu caso e diranche se has de repetila e cando.

Un diagnóstico precoz supón un mellor prognóstico.

**UNHA VEZ AO ANO  
FAITE A PROBA**